

romper o silencio (polifonía)

Helena Salgueiro - creadora escénica, performer, poeta e dramaturga



Variacións sobre o dereito a romper o silencio (Polifonía)

“A creación artística non consiste en fuxir da vida, máis ben en penetrala”

Anne Bogart

Non é curioso que a apertura dun libro lembre á xeometría do voo?

Non é curioso que, cando unha persoa é honesta, se lle diga “es como un libro aberto”?

De onde vén esa asociación do coñecemento coa transparencia? Poderíamos pensar que o coñecemento, que a arte, que a vida, son capas superpostas, como as teas dun vestido sobre unha crinolina. Poderíamos pensar que son acumulativas. Que pesan.

Se cadra é familiar para ti a concepción dos derviches, místicos bailaríns de Turquía con saias e sombreiros longos que dicían que, por cada volta, se desfacían de algo. Para chegar a qué?

Todo se resume nese equilibrio, a escolla do que desfacerse e do que non. A liberdade non é necesariamente a falta dunha opresión ou dunha carga. Consiste, como na danza, en saber distribuír os pesos.

“É a falta de decisión peor que a falta de certezas?”

**“A enerxía é como a tensión dunha bésta
A decisión, coma o mecanismo de disparo”**

Sun Tzu, A arte da guerra

O convite para escribir este texto chega nunha etapa perigosa e moi fráxil para min. Igual que, intúo, cando chegaron os convites ao resto das artistas que escribiron para *Cara a unha Escena Plural*. Momentos atravesados pola resistencia e a resiliencia nas artes vivas en Galiza, que teñen que ver con decisións de como afrontar a vida. A cuestión está en saber contra quen ou contra que se resiste, cando unha está equivocada, cando é o momento de deixar ir.

O máis sabio sería asumir que esta etapa fráxil da que falo será un *continuum*: niso consiste saber vivir, en cuestionarse sempre onde depositar a nosa fe e onde a nosa desconfianza. E sobre todo, onde depositar a nosa enerxía. Atoparse en equilibrio todo o tempo.

En fin, non me gusta falar sobre min moito (de feito, xa o sabes, desconfía de quen fale moito de si mesma), porque un **traballo creativo e, alén del, a traxectoria dunha artista, aséntase no bo facer, no amor, nas referencias dunha pluralidade**. Tentareino, silenciosamente.

Levo pouco adicándome profesional e precariamente ás artes vivas. A curiosidade fai que transite diferentes linguaxes, o cal dificulta unha etiquetaxe e suscita o cinismo alleo e propio: escribo poesía, teatro, fago performance, bailo, traduzo, toco o violín, canto, dirixo, ilumino. Actúo (en todos os sentidos do verbo). Loito. Esta falta de decisión fai dificultosa unha carreira e unha imaxe profesional clara. Tanto me ten iso. Non se debería buscar a claridade poñendo o foco en ti mesma para “triunfar”. Coido que todo ten algo en común, que define perfectamente Anne Carson en *Variations about the right to remain silent*: destruír claridade con claridade.

É a falta de decisión peor que a falta de certezas?

“O silencio non é máis neutral que a nudez”

Christopher Burrows

Non foi até que pasou algo de tempo que me decatei até qué punto o meu traballo profesional non é diferente da miña vida. Sempre se é consciente diso, que a arte é vida e a vida é un acto creativo. Pero até que chegan as **situacións de extremidade** non reparas ben niso. Que hai xente boa e hai xente mala. Que hai verdade e hai mentira. Que hai xente que te axudará polo camiño e hai xente que se aproveitará de ti. Que hai xente que se enfoca no traballo e hai xente que proxecta unha imaxe. Que o teu contexto político e económico é máis importante que as túas intencións. Soa moi simple pero cómpre amansar os relativismos de cando en vez e chamar as cousas polo seu nome. A falta de certezas non é menos imprudente que unha moral propia, certo? O simple é máis certo.

“que pasa cando o propio silencio fai que apodrezas por dentro?”

Dende que comecei a facer traballos artísticos para asociacións, entidades privadas, concellos, a Xunta, festivais (enténdeme, poucos e insignificantes, pero abondos para facerme unha idea dos devires desta profesión neste país), albisquei que a escala de grises é tanto ou máis perigosa que dividir a realidade en branco e negro. **E esta escala de grises ten moito que ver co silencio.** O silencio ante as malas prácticas dalgunhas institucións. O silencio ante as malas prácticas dalgunhas compañeiras. O silencio por conveniencia. O silencio institucional. O silencio mediático. O silencio por beneficio. O silencio por audacia. O silencio por precaución. O silencio por impotencia. O silencio por concesión. O silencio mellor ca un ruído que todas considerarían demasiado atronador:

“Sen forzas de colisión non hai movemento e non hai realidade”

Heráclito

O bo e malo que temos as persoas apaixonais é que somos demasiado transparentes. Lésenos moi ben. E ás veces algo que é moi claro asusta ou ofende. O silencio, finxir, cústanos máis.

Eu non son nai, nin teño persoa algunha ao meu cargo. Pero dende hai uns meses comecei unha compañía de artes vivas, **ABAR**. Sempre estiven moi vinculada aos movementos sociais e souben que hai cousas máis importantes que unha mesma, coas nosas pulsións e desexos. Pero agora comprendo ata qué punto as accións dunha teñen consecuencias máis aló dela. Isto pode ser unha carga. Un proxecto. Unha compañía na que hai máis persoas envoltas. Tento convencerme que, ás veces, cómpre comer merda un día para comer un ano. Pero que pasa cando o propio silencio fai que apodrezas por dentro? Que pasa se non queres comer durante un ano vixilancia e castigo?

No espazo entre o orgullo e a dignidade hai unha filigrana moi fina e fuxidía.

Coido que ti, igual ca min, algunha vez te viches na situación de ter que calar porque dependes da man que che da de comer. Pero dependes até o punto de calar en situacións de inxustiza? Que lle digan iso ás loitas sindicais, ás sufraxistas, ás libertarias- alguén podería responderte- Oh, canto desaprendimos dun tempo a esta parte!

Tento falarche claro: non sabes cantas veces me recomendan calar e cantas veces (en comparación, moitas menos) calo de facto. Calo cando me cambian repetidamente a data de actuación/ Cando me cambian repetidamente as reunións/ Cando valoran os tempos das persoas de xeito proporcional aos postos de responsabilidade (tan absurdo como que o tempo do *manager* dun restaurante é mais valioso que o dunha camareira)/ Calo os nomes dos programadores públicos que ignoran os meus correos e os eliminan sen ler (chégame a confirmación de non-lectura)/ Calo cando unha sala de teatro se compromete comigo e logo me ignora/ Cando unha editora decide non pagarme/ Cando persoas me chaman para performar na vía pública dun concello e se negan a limpar botellas rotas, lixo, mexos na susodita vía do susodito concello onde vou bailar descalza/ Calo cando unha compañeira non me apoia ao abeiro dunha imparcialidade que só lle beneficia a ela/ Calo cando se aproveitan do meu traballo por medo a que, desvelando a soberbia allea, ma atribúan a min e u traizoe os meus valores/ Cando critican ás costas de outra pero sorrínlle cando da a volta/ Calo cando acepto cachés fraudulentos/ Calo cando alguén me

“só coa crítica evoluciona o status quo”

aborda nas miñas redes persoais e acusa de que consigo curro por ser filla de meu pai (se esta persoa soubese...)/ Calo cando se plaxia material en audicións nas que non se me colleu (as improvisacións non teñen dereitos de autoría?)/ Calo cando se me cuestiona pola idade/ Calo cando se me cuestiona polo xénero (si, aínda)/ Cando esixo (si, esixo) que as traballadoras culturais me escoiten como artista e iso se questione tamén.

Autocensúrome. Porque, e se non me programan máis neste sitio? E se esta persoa comeza a falar mal de min ás espaldas e creo un efecto dominó? Se non gaño nunca máis un premio literario? Se malinterpretan, se parezo unha arrogante?

Equívócome, moitísimo. Arrepíntome; tamén pido perdón e perdo.

Intento non tomarme nada en serio, repíto-me o que é importante e o que non. Pero son incapaz de non considerar que todo é importante. Todo me importa. E coído que debería ser así. Un feral e impotente animal de contradicións.

En fin, teño calado con todo aquilo e máis, igual ca todas. E de tanto calar estes meses, caín enferma, literalmente. Pero a (falsa) neutralidade ou a moral laxa ten que ter uns límites.

Só coa crítica evoluciona o *status quo*. Co san confrontamento, coa paixón da semente que estoura, e que se adoita confundir con belixerancia.

Hai que posicionarse. Hai que romper o silencio. Hai que ser boas compañeiras. Hai que ser valentes e respectuosas. **Hai que dicir a verdade sempre, ás amigas e ás inimigas, pero sobre todo a unha mesma.**

Hai que ter amigas ata no inferno- alguén podería responderte.

Non xulgues quen basee a súa vida nese refrán, ou o seu traballo artístico –hai xente que fai esa distinción e coidan que as decisións morais do seu traballo non as definen como persoas–.

Esa xente é moi lista e adoita “triumfar”. Pero, pensa, se “ter amigas até no inferno” é o seu *motto*, é porque quizais non están tan seguras de que non vaian, xa estean, ou estean dispostas a acabar aí. Aínda sendo unha metáfora e sen eu ser relixiosa, sospeito que non é un lugar moi agradable, sexa cal sexa.

“A poesía é un acto político porque envolve dicir a verdade”

June Jordan

É obvio e repetiuse tanto nestes textos as complicacións das artistas galegas dentro do marco institucional e no tecido profesional, e máis sendo unha artista nova, que non me pararei a enumerar tamén as dificultades burocráticas coas que me estou atopando con **ABAR** ou en solitario.

Non porque canse de queixarme, xa viches, queixarse acaba sendo necesario. A autoindulgencia, non tanto. Pero sabes tanto ti coma min o duro que é comezar a traballar e abrirse paso nos circuitos artísticos cando non tes un nome nin relacións afincadas, cando non finxes. Sabes o mal que se pasa cando, por se iso non fose pouco, te utilizan persoas que considerabas ao teu

“dende logo non tento gustar a todo o mundo”

carón, canto se chora e canto afecta á túa vida persoal. Canto se dubida. Cantas veces queres deixalo todo.

Non desexo falarche diso nin falar dos meus referentes –nos que sempre se asume que debe haber relación vertical ou distancia temporal: referentes tamén son as artistas que camiñan canda min ou que aínda están chegando– nin falar da miña traxectoria. Son (pobre de min) das que pensa que o traballo se explica por si mesmo.

Desexo falarche de cando si atopo espazos de encontro. Das fisgoas de luz. Do repouso no ollo do furacán. Esta é unha crítica ao silencio da ética nas artes vivas, pero no silencio está tamén a oportunidade de atopar a verdade de cada unha, de atopar humildade, de atopar o intranslable, o intransitable.

Desexo explicar o que me fai terriblemente humana como artista, porque só aí se atopa un punto de conexión coa outra, no que nos fai humanas. Só aí xorde a empatía. No desfacerse de todas as capas, en espirarse. Atopar comunidade con persoas, sexan artistas, sexan públicos, técnicas, funcionarias. Un punto en común coa xente que é coma min e, malentendida ou non, parece inimiga no canto de aliada para desenvolver o repertorio, activar o fluxo cultural, o dereito dunha sociedade. Onde está a culpa, na negligencia, na precariedade en ambos lados? **Ás veces cómpre nomear culpables aínda dende a empatía.** Dende logo non tento gustar a todo o mundo, e dicindo a verdade ten claro que non se gusta a todo o mundo. Quen persegue gustar a todo o mundo ten un problema moi serio e vive en lugares pouco agradables. Eu revivo neses espazos de encontro, busco que se me escoite a min e ás miñas compañeiras, independentemente do noso nome, da nosa imaxe, senón polo noso traballo e o xeito de facelo. Quizais teríamos que ter en conta que ese número, ese nome que aparece en documentos, solicitudes, caixas de email... tamén é unha persoa coma nós. Que unha compañeira é iso, unha compañeira, non unha competencia. **Que un nome alleo ten dereito a non gardar silencio cando a súa voz non está a ser escoitada.**

Desexo aconsellarte para cando te atopas, coma min, neste intre fráxil e duro, quizais porque eu precise escribir sobre iso. É moi probable que este intre xa non remate nunca.

En fin, podes aprender a lidar co rexeitamento e coas falsas palabras... a decisión de que te afecte non sempre será parte da túa liberdade. Podes declarar que a xente que te fere non o fai desexándote mal, senón desexando en demasía o seu propio ben. Podes aceptar que a xente que te ignora é porque lles es indiferente e iso non é cruel. Podes comprender que unha institución está formada por xente coma ti. Non quere dicir que non teñas un compromiso contigo mesma e coas túas iguais en loitar polo teu traballo e sustento e identidade, en empregar a túa voz, en ser fiel á verdade, mesmo se non é conveniente a curto ou mesmo longo prazo.

“O corpo solidario dá lugar”

Francisco Cortegoso

O corpo libre non é un corpo livián. Sentirás as cousas tan febrilmente que o corazón pesará. Tentarán convencerte de que iso é transitorio, un malgasto. Pero non estás viva, e moito menos, non fas arte para vivir fría e liviá.

“adicate ás artes vivas estando viva por dentro”

A vida ensínate que ás veces, tomarse as cousas persoalmente cando traballas en prol da cultura e a verdade, que é traballar en prol do ser humano, esgota pero é o máis lóxico. E, no equilibrarte co peso do teu corazón, atoparás a forza do teu movemento. Niso, e no **apoio mutuo**. Das túas compañeiras de profesión e da xente que simplemente te quere. De quen te aturará chorando, berrando, desafoándote, axitándote, rindo, loitando contra o aire e dándote de bruces contra unha porta que semella sempre estar pechada.

Pero céntrate no bo e non no malo, na luz e non nas sombras. Permea, emprega e eloxia a aprendizaxe nesa escuridade, déixaa ir e céntrate nas persoas boas. Sempre nas persoas. Nas que te acompañan. Nas que respectas. Ás que agradeces. As que loitan pola arte e non polo ego. Coas que debates ou difires pero están dispostas a escoitar. E confía no amor tan ridiculamente estrepitoso que tes por elas e polo traballo de todas. O demais, sempre ficará en segundo plano: quen te fere, quen te manipula, quen te nega, quen te borra como artista e como individuo. Así acadarás esa distancia que todo o mundo che recomenda para loitar polo que é xusto e paga a pena, alcanzando pero sen quedarte no camiño. Adicate ás artes vivas estando viva por dentro.

En fin, Helena, escriboche de todas estas cousas a ti como lle podería escribir á persoa que quixo ler este texto até o final. Como lle podería falar a unha amiga ou a unha filla. Desfacéndome de veladuras. Sempre dende o corazón. Se non deixades o corazón apodrecendo no silencio diredes a verdade.

Hai unha única cousa que vos podo dicir en claro. No que podería sosterse a vida, a arte, o coñecemento, o traballo, a escena, unha gran escena plural... o único transparente para min vén, como non, doutra voz, a de Emil Cioran:

“A pesar de todo, seguimos amando, e ese a pesar de todo, cubre o infinito”

P.D:

Grazas Sabela e Caterina por este proxecto e ás voces que expande e abeira, como polifónicas sístole e diástole.

“Sometimes meaning arises out of situations of extremity”

Burrows, A choreographer’s handbook

Texto 22. Cara a unha escena plural. Helena Salgueiro.

Publicado en outubro de 2021 na órbita do proxecto “Cara a unha escena plural”, unha iniciativa que impulsa a circulación da danza e artes vivas de carácter profesional en Galicia. O proxecto, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, nace no marco da Galicia Escena PRO 2019 e continúa dende 2020 co apoio de Agadic e distintos espazos colaboradores.